

A Consellaría de Educación anuncia cambios nas prazas convocadas no acceso a cátedras de conservatorio mais négase a incrementar o número total

Retira 2 prazas en Trompa que pasan a Clarinete e Trombón e ábrese a estudar as nosas propostas para aumentar prazas naquelas especialidades con maior desfase ao respecto do cadro de persoal

Na Mesa Sectorial na que se negociou o acceso ao corpo de cátedras de conservatorio, a Consellaría anunciou cambios nas prazas que para a CIG-Ensino son claramente insuficientes. Así, o sindicato repasou pormenorizadamente os cadros de persoal da Coruña e Vigo por cada unha das especialidades para demostrar o claro desequilibrio que se produce nalgúns das especialidades ao respecto das prazas ofertadas. Á vista da nosa información a Consellaría afirmou que revisaría as nosas propostas para ver se fai cambios nas prazas por especialidades mais sen ampliar o total de prazas.

Información sobre o contido da convocatoria:

A Consellaría confirma que o requisito dos 8 anos de servizo como persoal funcionario para acceder a cátedras, sen esixir que sexan de carreira, deriva da xurisprudencia tanto do TXUE como do TSXG. O tempo como persoal interino puntuará a todos os efectos (servizos prestados, cargos, outras funcións).

A CIG-Ensino denunciou que hai 105 prazas convocadas e 124 docentes nestas especialidades, con 117 persoas funcionarias de carreira e 7 docentes interinos. Polo tanto hai un desfase de 12 prazas como mínimo. A Consellaría anunciou a retirada de 2 prazas de Trompa (anunciaron 4 e só hai dous postos ocupados). Como CIG-Ensino entendemos que se deben dar máis cambios para se adaptar ás necesidades dos centros. Salientamos:

- Hai especialidades como **Gaita ou Dirección de Orquestra** que non ten funcionariado de carreira



titular desa especialidade e nas que se convoca praza, polo que se deberían retirar.

- Hai algunha especialidade na que se convocan máis prazas que docentes hai agora mesmo: saxofón (4 prazas e hai 3 docentes) e fagot (ofértanse 2 e habería só 1 titular de especialidade).
- Pola contra chama a atención que noutras especialidades se ofrezan menos prazas que persoas hai actualmente nos centros: **Composición** - hai 8 prazas e 13 funcionarios e 1 interino-, **Guitarra** -4 prazas para 6 docentes-, **Canto** -4 para 5-, **Violín** -6 para 7- e **Piano** -24 nas tres especialidades para 31 docentes-). A Consellaría debe aumentar a oferta, prestando especial atención a aquelas con maior desaxuste.
- **Reparto de prazas para persoas con discapacidade.** Ante a nosa solicitude para que explicaran os criterios, a Consellaría informou que partiron de adxudicar 1 praza ás especialidades con maior número delas e no caso do mesmo número (4) elixiron segundo o seu propio criterio.

Especialidades polas que se pode participar.

Entendemos que, cumprindo coa normativa de acceso e tal e como recolle a convocatoria, a titularidade da especialidade que dá dereito a presentarse a unha praza ven marcada pola oposición. Mais o certo é que este é un tema que crea confusión no profesorado e pedimos que se aclare. **A Consellaría confirma que efectivamente hai que ser titular por oposición dunha especialidade concordante para poder presentarse ao concurso de acceso.**

Requisito lingüístico. Estamos de acordo co requisito de galego. O mesmo debería facer a Consellaría en todo os concursos e oposicións e para todas as especialidades. Esta convocatoria, demostra que é posíbel facelo.

Requisitos para acreditar a capacidade de tutela investigadora: ante as nosas preguntas sobre a puntuación do doutoramento, a Consellaría aclara que as persoas participantes poderán decidir que requisito presentan (entre doutoramento, mestrado ou docencia en CMUS superiores con TFE) e que, polo tanto, recibirán a puntuación do doutoramento se teñen os 4 anos de docencia nun CMUS superior.

Presentación por rexistro. Estamos de acordo en que non teña que ser telemática obrigatoriamente. Salientamos que todas as trabas que se nos puxeron na convocatoria de oposicións de hai uns días agora parecen non importar.

Tribunais a dedo. Estamos en desacordo. Teñen que ser a sorteo. Non se cita a catedráticos de secundaria e si a titulares de universidade, o que entendemos que non debe ser así. É un baremo, non unha oposición. Entendemos que pode estar xustificada unha comisión técnica para valorar o apartado 3.2., mais o lóxico é optar polo sorteo. **Non o aceptan e nomearán a dedo.**

Baremo:

O baremo é susceptible de mellorar e botamos de menos que a Consellaría non tenda a uniformizar os baremos de convocatorias semellantes. Este baremo que se presenta é unha mestura de diferentes baremos previos, tanto galegos como de fóra. A Consellaría debe ter uns marcos fixados e non andar facendo cambios. O baremo é diferente ao acceso a cátedras de secundaria de 2007, xa feito a partir do RD 276/2007), e mesmo do baremo de A2-A1 e A1-A1 que acaba de pasar pola Mesa.

Cuestións que presenta a CIG-Ensino para o seu debate na Mesa:

- Apartado 1.1. A puntuación por **servizos prestados** debe ser superior. No acceso a cátedras do 2007 era 0,4. Noutras convocatorias de cátedras de conservatorio chegan ao 0,5 como tamén no acceso de A1-A1. **A Consellaría responde que non vai facer cambios neste apartado do baremo.**
- Apartado 1.2.3. Debe incluírse unha redacción sobre as **funcións e coordinacións didácticas** que non deixe ningunha fóra das actuais coordinacións existentes nos CMUS superiores. (citar ENDL, TIC, seccións bilingües...). **Mirarán que non quede dúbida de que se recoñecen todas as que aparecen actualmente na Circular.**
- Apartado 1.2.4. **Postos de nivel 26 na administración educativa:** a Consellaría négase a que se puntúe o tempo traballado nos CMUS superiores como nivel 26 no apartado 1.2.4. Entendemos que iso implica unha discriminación xa que nese mesmo apartado se puntuarán méritos acadados en todo tipo de centros de calquera etapa educativa. O normal sería puntuar o exercicio da docencia no nivel ao que se pretende acceder. Ao non ser así a puntuación deste apartado é totalmente inxusta xa que se premia o exercicio de postos de traballo que non teñen nada que ver coa docencia e moito menos coas ensinanzas musicais.
- Atopámonos agora cun problema que xa denunciámos e demandamos como CIG-Ensino hai tempo: o non recoñecemento oficial da **coordinación de programas europeos**. A día de hoxe non están recoñecidas como outras coordinacións polo que nos tememos que quedarán sen puntuar, o que é discriminatorio. Queremos saber se a Consellaría ve posibilidade de puntualos. **A Consellaría afirma que ao non estar oficialmente recoñecido non se puntuará.**
- Apartado 2. **Cursos de formación.**
 - Entendemos que é máis correcto este sistema de baremación de cursos, sen fixar diferenzas por tramos como se fixa no acceso A1-A1 e evitando que non se puntúen os cursos inferiores a 30 horas. Solicitamos que a puntuación dos cursos non estea limitada por un mínimo de 10 horas e que por tanto os restos de horas se puntúen

proporcionalmente. Tamén entendemos que se deben diferenciar os cursos recibidos dos impartidos. **Non aceptan puntuar os restos de horas**

- Apartado 3.1. **Méritos académicos.** Nas diferentes subepígrafes deste apartado dábanse moitas diferenzas ao respecto de convocatorias similares previas.
 - 3.1.a) Doutoramento. Cátedras 2007 (1,2 puntos), acceso A1-A1 (0,75 puntos), outras cátedras CMUS (1 punto). En todos os casos a puntuación dun doutoramento é superior, o que nos parece máis lóxico. O incremento desta puntuación tamén se debe acompañar coa revisión das demais subepígrafes. Hai un certo desaxuste en función do nivel dos estudos (MECES 3-2). **A Consellaría responde que non vai facer cambios neste apartado do baremo.**
 - 3.1.j) Idiomas. O lóxico é fixar algunha diferenza entre os diferentes niveis dos idiomas, ao igual que se fai nas outras titulacións, puntuando máis o de maior nivel, como é o caso dos C1 ou C2. **Están dispostos a revisar este apartado.**
 - Só se puntuaba un título académico en cada subepígrafe. O lóxico é que haxa un mesmo criterio, tanto en titulacións superiores como en idiomas e que se puntuara “por cada” título. **Non o van cambiar**
- Apartado 3.2. **Méritos artísticos.** Entendemos que é necesario ter a maior concreción posíbel para que non haxa lugar a dúbidas á hora de puntuar nos diferentes apartados. Así, por exemplo debería aclararse se van puntuar ou non:
 - A puntuación por participación en calidade de doutor en xurados para a obtención de prazas como especialistas en CMUS superiores ou como xurados en Concursos. **Tomaron nota e non se pronunciaron.**
 - A puntuación dos méritos de titoría de nos apartados f (teses) ou g (máster) no estranxeiro. **Tomaron nota e non se pronunciaron**
 - 3.2.i-j-k) A redacción das dúas primeiras subepígrafes deixa fóra a duetos e tríos e a terceira os coros. Cando se fala de instrumentistas entendemos que tamén se inclúe a cantantes, mais é mellor citalos e

na referencia a documentación esixida do k) falta tamén citar a bandas e coros e aclarar que inclúen as actuacións como director de agrupación. As mesmas indicacións e requisitos deben ser tanto para gravacións como para concertos. **Afirmaron que mirarían de incluír as agrupacións que citamos e de mellorar a redacción.**

- Non estamos de acordo en ningún destes tres apartados co requisito de presentar certificación da **vida laboral**. Entendemos que se debe engadir a certificación da empresa ou institución que acredite a actividade así como outra documentación que acredite esa participación (programa, etc..). Hai que ter en conta que moitas actuacións son sen ánimo de lucro e non ten porque esixir contratación. Ademais a vida laboral por si soa só acredita alta na seguridade social, non que realmente se levase a cabo a actuación. **Non aceptan retirar o da vida laboral e indican que pedirán outra documentación complementaria como certificacións das entidades organizadoras.**
- Hai algúns erros nas disposicións complementarias que se deben corrixir (cítanse incorrectamente algúns apartados como a Disp. Compl. 3ª, 4ª ou 5ª). **A Consellaría confirma que corrixirán os erros.**
- Solicitamos que non haxa que xustificar os méritos dos servizos prestados en centros públicos dependentes da Consellaría de Educación. Xa figuran nos datos persoais. **Tomaron nota e revisarán se o aceptan.**



Que pasará coas prazas nos CMUS superiores que non se cubran neste concurso de acceso?

A CIG-Ensino interesouse pola cobertura das prazas que non saen a oferta neste concurso e pola situación do profesorado que actualmente está nos CMUS superiores ou polo acceso doutros docentes que se presenten ao concurso e non accedan ás prazas. Teñamos en conta que podemos estar a falar de 19 ou 20 prazas destas especialidades.

A Consellaría afirma que non sabe o que vai acontecer e que haberá que agardar a ver o resultado do acceso. Afirmar que a non ser que cambie a normativa, a actual xurisprudencia pon en cuestión que docentes do corpo de profesorado de música e artes escénicas podan impartir docencia en prazas correspondentes a cátedras polo que non confirmaron o que se fará. A única excepción sería, de ser o caso, para impartir materias como Linguaxes e Técnicas da Música ou Formación Instrumental Complementaria, que pode facelo o corpo de profesores segundo RD 427/2013. Deixaron totalmente aberto o tema e cheo de incertezas, o cal é un tema que como sindicato nos preocupa especialmente. Non pode ser que despois de toda a demora en convocar estas prazas acabe empeorando a situación actual dos cadros docentes, de aí a nosa insistencia en cubrir agora o maior número posíbel de prazas.

Desde a CIG-Ensino solicitamos que o proceso se desenvolva coa maior axilidade posíbel para poder ter tempo a negociar as condicións para cubrir as prazas que podan ser necesarias a maiores das ofertadas no concurso de acceso.

Cátedras ofertadas e profesorado actual.

